



**PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XXVI FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO.**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_\_ de dous mil vinte.

**REUNIDOS**

Dunha parte, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Lago Barreiro, Concelleira delegada do área de Festas e Turismo, en virtude da competencia prevista no artigo 127 da Lei 7/1985 e do Decreto de delegación da Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e acordo de Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019.

Doutra, don Roberto Giráldez Barbeitos con D.N.I. 76.911.826-X, como presidente da Asociación cultural Interfolc, C.I.F. G-36.892.271 e enderezo social na rúa Romil nº 12 - 1ºC Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 8476/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da XXVI edición do Festival folclórico internacional de Vigo, que se desenvolverá os días 21, 22, 23, 27, 28 e 29 de xullo e 17, 18, 19, 24, 25 e 26 de agosto de 2020, dentro do programa “**Vigo en Festas 2020**” por diferentes barrios da cidade e parroquias do termo municipal. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

**II.-** O Concello de Vigo e a Asociación cultural Interfolc veñen asinando dende o ano 1995 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver o Festival folclórico internacional, cuns resaltados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Asociación cultural Interfolc ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

**IV.-** O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0007, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 63.000,00 (sesenta e tres mil) euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para o desenvolvemento do programa “Festival folclórico internacional”.

**IX.-** A Asociación cultural Interfolc non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 8476/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación cultural Interfolc comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da programación do XXVI Festival folclórico internacional e, en particular a:

1º. Organizar e xestionar o programa do XXVI Festival folclórico internacional que se achega ao expediente, previa selección dos grupos folclóricos participantes e aceptación da proposta pola concelleira de Festas e Turismo, para 86 actuacións repartidas entre barrios e parroquias.

O custo total do programa ascende a 90.536,00 euros que corresponde a diferentes conceptos a contratar pola Asociación.

2º. Coordinar a organización xeral das festivais descentralizados en barrios e parroquias e relación coas entidades beneficiarias.

3º. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.

4º. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes no festival.

5º. Contratar os escenarios, cadeiras e equipos técnicos de megafonía e luces necesarios para as actuacións nos barrios e parroquias.

6º. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que se achega ao expediente.

7º. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos necesarios, así como realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.

8º. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

9º. Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto noveno.

10º. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio. Así mesmo, presentar a declaración responsable á que fai referencia a disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia, relativa a festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños/as ou por comisións de festas: *“As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación ou comisión na que se relate o programa das actividades a realizarse e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación”*.

11º. Contratar os servizos sanitarios (ambulancias) naqueles casos que sexan necesarios.

12º. Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

13º. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do festival, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 0040-5096968 con FIATC Mútua de seguros y reaseguros, que xa consta no expediente. Así mesmo comprométese a formalizar un seguro de accidentes para os integrantes dos grupos folclóricos que participen no festival; para o cal entregará ao Concello copia desta póliza antes do inicio do festival.

15º. Xestionar a reserva das instalacións necesarias para o desenvolvemento dos espazos que sexan necesarios.

16º. Editar o material gráfico necesario para a difusión do programa. Calquera actuación publicitaria deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Festas.

17º. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do Festival.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.

2. Conceder directamente á Asociación cultural Interfolc unha subvención para a XXVI edición do Festival folclórico internacional por importe de 63.000,00 euros, co obxecto de coadruar ao financiamento da programación, organización e execución do Festival. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES69 2080 5100 1630 0009 2046 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** De conformidade co disposto no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, relacionarase coa administración por medios electrónicos.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei xeral de subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2020, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería, pola Intervención Municipal, tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Concello publicará á concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso e Información Pública e Bo Goberno.

**Noveno.-** No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo séxto.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2020 e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería de Festas queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Décimo noveno.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

**Vixésimo.-** As actuacións folclóricas con cargo a este convenio irán destinados ao público en xeral, e o acceso ás mesmas será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren as actuacións.

Nestas actuacións deberáse dar cumprimento ás medidas preventivas que determina a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 (modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño), para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego, efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de 13 de marzo de 2020.

**Vixésimo primeiro.-** Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

**Vixésimo segundo.-** En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo terceiro.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

JALF/vmo

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

A concelleira delegada da  
Área de Festas e Turismo

O presidente da  
Asociación cultural interfolc

María del Carmen Lago Barreiro

Roberto Giráldez Barbeitos